

CREANDO IGUALDADE



**CEIP Ponte dos Brozos,
Arteixo (A Coruña)**
CÓDIGO:15000363
CATEGORÍA DE PARTICIPACIÓN: A



Organización das
Nacións Unidas para
a Educación,
a Ciencia e a Cultura



Membro de

Escolas
Asociadas da
UNESCO



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN	2
2. CONTEXTO.....	5
2.1. DESCRICIÓN DO CENTRO	5
2.2. PARTICIPACIÓN NOS CONTRATOS PROGRAMA	5
3. CONTIDOS.....	6
4. PROFESORADO PARTICIPANTE	6
5. FASES DO PROXECTO	6
5.1. DESTINATARIOS E ESTRUTURA.....	6
5.2. DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES.....	8
PUBLICIDADE	8
PELÍCULAS E SERIES DE DEBUXOS ANIMADOS.....	9
CONTOS INFANTÍS	11
6. VISIBILIDADE DO PROXECTO	13
7. CONSIDERACIÓNS FINAIS.....	13
8. BIBLIOGRAFÍA.....	13
9. ANEXOS.....	15
ANEXO I.....	16

1. INTRODUCCIÓN

Cando falamos de igualdade de xénero estamos a falar da igualdade de dereitos, responsabilidades e oportunidades que deben de ter homes e mulleres, nenos e nenas.

O noso centro, pertencente á Rede de Escolas asociadas a UNESCO dende 2014, ten como un dos seus referentes a acadar, os obxectivos recollidos na Axenda 2030 para o Desenvolvemento Sostible. Nesta Axenda, tanto a educación como a igualdade de xénero se formulan como uns dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS), que son, á súa vez, catalizadores para o rendemento de todos os demais ODS.

A igualdade de xénero, ademais de ser un principio que rexe o noso sistema educativo (LOE, Lei 2/06, 3 de maio de Educación modificada pola LOMCE, Lei 8/13, 9 de decembro para a mellora da calidade educativa) debe exporse coma un dereito humano, un prerequisite para o desenvolvemento individual e social e supón tamén un obxectivo en si mesmo.

Son numerosos os referentes legais, en materia de educación, que na nosa Comunidade fan mención á igualdade de xénero, só por citar algúns o Decreto 105/14, 4 de setembro polo que se regula o currículo da etapa de Educación Primaria establece como un dos obxectivos da etapa o de “coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos”. Para a consecución de dito obxectivo deberán traballarse contidos pertencentes ás áreas de ciencias naturais (“igualdade entre homes e mulleres), ciencias sociais (“mulleres relevantes na historia”) e valores sociais e cívicos (“valoración da igualdade de dereitos entre homes e mulleres na familia e na escola”, “recoñecemento de dereitos de homes e mulleres, sen discriminación”, “rexeitamento de desigualdades entre mulleres e homes no mundo laboral e na vida cotiá”)

Tamén o Decreto 8/15, 8 de xaneiro establece que os plans de convivencia dos centros deberán integrar o principio de igualdade entre homes e mulleres. Dita igualdade debe ser un dos obxectivos principais de toda a comunidade educativa.

Con este proxecto pretendemos que o noso alumnado identifique estereotipos de xénero e comportamentos sexistas; guiáremoslles cara unha análise crítica e unha reflexión acorde a súa idade e promoveremos accións que consigan a unha igualdade real entre nenos e nenas, homes e mulleres.

O faremos traballando sobre tres ámbitos aos que máis exposto está o noso alumnado pola súa idade (10-11 anos): **PUBLICIDADE, CONTOS E PELÍCULAS E SERIES DE DEBUXOS ANIMADOS.**

PUBLICIDADE:

Aínda que o fin principal da maior parte da publicidade non é o de educar é innegable a influencia que exerce sobre nós determinados anuncios. Sexa pola música, polas imaxes ou polos lemas moitos dos anuncios publicitarios interiorizámoslos e pasan a ser parte das nosas expresións (“Ule como un tío, tío!, Old Spice) ou fan cambiar a visión de determinados produtos (se o anuncian famosos, por exemplo, pensamos que é mellor).

Ao longo dos últimos anos fóronse dando pasos na igualdade de xénero no ámbito publicitario pero non se pode dicir que os estereotipos sexan cousa do pasado pois o mandato de xénero segue vixente. Hoxe en día aínda nos atopamos con anuncios, tanto na televisión coma nos panfletos publicitarios, nos que a muller:

- aparece cun corpo idealizado, especialmente nos anuncios de cosméticos e perfumes.
- desempeña papeis secundarios
- mostrase máis débil
- e sempre é a máis habilidosa e a protagonista nos anuncios relativos a produtos do fogar ou o coidado das crianzas.

PELÍCULAS E SERIES DE DEBUXOS ANIMADOS:

Ao longo das últimas décadas a maior parte das películas e series estiveron protagonizadas por homes, sempre fortes, valentes, líderes. A muller queda relegada a papeis secundarios e que reproducen e afianzan concepcións propias do patriarcado. En palabras de Sonia Herrera (citada en Parra, M.A., 2014) “As series e películas da nosa infancia pódennos parecer agora algo banal e remoto, pero non é así. Serviron para fortalecer estereotipos, perpetuar a invisibilidade das mulleres e limitar as nosas autopercepcións e aspiracións sociais”

CONTOS INFANTÍS:

Ao igual que acontece coa publicidade ou as películas e debuxos, a literatura infantil tampouco é neutral. Transmite unha serie de tópicos, vivencias, estilos de vida, ideas,...relacionadas tanto coa época coma co autor ou autora que os escribe. Os contos infantís foron axudando ao longo dos anos a afianzar modelos sociais que favorecen a desigualdade de xénero. Así as nenas amósanse na maior parte das veces coma seres submisos, incapaces de resolver problemas por si soas e sempre cun obxectivo e un mesmo soño, o de ser rescatadas por príncipes para poder casar con eles. Os nenos, pola outra banda, sempre son os personaxes máis activos, os heroes, os que resoven os problemas e o máis emprendedores.

Iniciaremos a nosa andadura con dúas obras clásicas, a de Sherlock Holmes (1892) e a de Mary Poppins (1934), ámbalas dúas con protagonistas marcados por estereotipos de xénero. Por un lado, o detective home que enmarca unha serie de enigmas que son descifrados sempre pola figura masculina e, pola outra banda, traballaremos a figura da muller coidadora dos nenos, exemplificando así dous roles moi estereotipados que perduraron no tempo. Para iso, extraeremos fragmentos significativos onde mellor se vexan reflectidos ditos estereotipos sexistas.

Deste modo, aproveitaremos que un dos protagonistas é detective para continuar con este rol na actividade proposta, xa que consideramos que unha das características máis importantes que debe ter a personalidade dun ou dunha detective é a perspicacia e a capacidade de atopar e ver pistas así como detalles que outros pasan por alto. Aspectos todos eles necesarios para ampliar a opinión reflexiva da visión da muller na sociedade.

A continuación tamén presentaremos ao alumnado unha serie de contos tradicionais, probablemente lidos moitas veces por eles mesmos, como poden ser Os tres porquiños, Carapuchiña Vermella, A Cincenta, Brancaneves, A sireniña, Os tres mosqueteros... Historias tradicionais marcadas, a maioría, por certos estereotipos de xénero que traballaremos extraendo aqueles fragmentos onde máis claros aparezan os roles estereotipados, co fin de acender nos nenos e nenas unha actitude crítica e reflexiva sobre a temática. Posteriormente, iniciaremos o traballo ca obra de “Érase dúas veces...” , a cal intenta reescribir os clásicos sen sexismo, sen violencia e sen desigualdade.

2. CONTEXTO

2.1. DESCRICIÓN DO CENTRO.

O CEIP Ponte dos Brozos atópase situado no concello de Arteixo. Conta cunha matrícula de 1155 alumnos e alumnas (586 nenos e 569 nenas) e un claustro formado por 90 mestras e mestras.

O perfil demográfico das familia é o dunha poboación nova e heteroxénea, procedente de diferentes nacionalidades (entre as que predominan a árabe e a sudamericana). A principal actividade económica en Arteixo é a industrial, predominando o sector téxtil. O polígono de Sabón emprega á maioría dos habitantes de Arteixo. Neste polígono tamén se atopa situada unha gran zona escolar que alberga unha escola infantil, dous colexios, dous institutos, unha escola taller, un polideportivo, unha piscina municipal e varias pistas de deportes. As dúas linguas da comunidade empréganse con normalidade tanto na escola como na familia, existindo unha predominancia no uso do castelán.

O Equipo de Dinamización da Convivencia Escolar está formado por un representante de cada un dos niveis de Educación Primaria e do ciclo de Educación Infantil. Ao longo dos últimos cursos levou a cabo unha labor de concienciación e sensibilización con temas relacionados coa muller, a igualdade de xénero e a violencia machista. Moitos dos traballos realizados leváronse a cabo co departamento do CIM (Centro de atención á Muller) do Concello de Arteixo e cos Servizos Sociais do mesmo. Algunhas destas actividades poden verse reflectidas no blogue “Aprendendo a convivir” (<http://convivenciapdb.blogspot.com/>) (etiquetas: CIM, Violencia de Xénero, Día da Muller)

2.2. PARTICIPACIÓN NOS CONTRATOS PROGRAMAS

O CEIP Ponte dos Brozos participa dende o curso 2014/2015 nos Contratos-Programa no ámbito da mellora da convivencia proposto pola Consellería.

Ademais diso pertence dende o mesmo ano á Rede de Escolas Asociadas á Unesco (RedPEA) o que implica a planificación e execución dun importante número de actividades de igualdade de xénero como un dos requisitos para poder seguir pertencendo á dita Rede.

3. CONTIDOS.

- Conceptos clave: igualdade de xénero, estereotipos e micromachismos.
- Investigación, análise e reflexión dos estereotipos sexistas na publicidade.
- Investigación, análise e reflexión dos estereotipos sexistas nas películas e series de debuxos animados.
- Investigación, análise e reflexión dos estereotipos sexistas nos contos infantís.
- Expresión oral e escrita
- Utilización das novas tecnoloxías: KeyNote, BookCreator, Lumafusion, eMovie, GreenScreen.

4. PROFESORADO PARTICIPANTE

- David Lamas Rodríguez (titor de 5ºA)
- Laura Canzobre Esmorís (titora 5ºB)
- Patricia Raquel Boedo Naya. (titora 5ºD)
- José Carlos Casales Regueiro (titor 5ºE)
- Paula Vázquez Bermúdez (titora 5ºF)
- Rebeca Fernández Facal (mestra especialista en inglés. Imparte “Valores cívicos e sociais” na aula de 5ºC)
- Coordinadora: Verónica Iglesias Fustes (mestra especialista en Audición e Linguaxe e Coordinadora do Equipo de Dinamización da Convivencia Escolar).

5. FASES DO PROXECTO.

5.1. DESTINATARIOS E ESTRUTURA.

O proxecto vai dirixido para 5º nivel de E.P. (un total de 150 alumnos/as e 6 mestres e mestras).

Estrutúrase do seguinte xeito:

5ºB e 5ºC dedicaranse ao traballo coa publicidade.

5ºA e 5ºE farao coas películas e series e os debuxos animados.

5ºD e 5ºF centrarase nos contos infantís.

Ao final do proxecto todas as conclusións obtidas e as producións de cada unha das aulas serán expostas ao resto das aulas do nivel e aos niveis de 3º, 4º e 6º de Educación Primaria, compartindo o proxecto con 418 alumnos e alumnas máis.

5.2. DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES.

5º B e 5ºC PUBLICIDADE

	Actividades	Temporalización
Fase 1	<ul style="list-style-type: none"> - O profesorado introduce a actividade aclarando de xeito básico conceptos coma igualdade de xénero, estereotipos, mandato de xénero e micromachismos. - Exposición de anuncios en diferentes soportes (dixital e panfletos publicitarios). - Descrición dos mesmos chamando a atención sobre as sinais sexistas implícitas e explícitas. - Cuestionario sobre os estereotipos de xénero e o papel da muller na súa contorna (Anexo I) Toma de conciencia da relación entre a publicidade e o rol feminino no día a día. Posta en común na aula. 	Novembro
Fase 2	<ul style="list-style-type: none"> - División da aula en grupos de 4 alumnos e alumnas (procurando a paridade) para facer unha análise exhaustiva de anuncios facilitados polas mestras seguindo unhas pautas fixadas. A modo de exemplo deben observar: <ul style="list-style-type: none"> ▪ Está asociado a un rol de xénero tradicional? (por exemplo sitúa á muller no fogar e ao home nun posto de traballo?) ▪ Mostra á muller cun canon de beleza pouco realista? (guapa, delgada, alta,...) ▪ Sitúa á muller nun papel unicamente decorativo? ▪ O anuncio no que aparece a muller está relacionado con produtos do fogar, cosméticos ou coidado de crianzas? ▪ Utiliza á mulleres como reclamo para produtos masculinos? - Procura de anuncios que non conteñan eses roles machistas. - Exposición na aula de cada un dos grupos das conclusións obtidas tralo análise e comparación con outro anuncio non sexista. 	Decembro Xaneiro

Fase 3	<p>- Produto final: Elección dun anuncio en concreto e reelaboración do mesmo evitando estereotipos de xénero. Gravación do anuncio coa app Lumafusion e a técnica do croma ou clave de cor.</p> <p>O anuncio deberá de seguir, entre outras, as seguintes indicacións:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Utilizar, se fora o caso, produtos que sexan utilizados por homes e mulleres. ▪ Promover o respecto nas relacións entre homes e mulleres. ▪ Evitar estándares de beleza feminina. ▪ Utilizar voces de neno e nena. ▪ Dar visibilidade á muller en profesións tradicionalmente masculinas. 	Xaneiro Febreiro
Fase 4	<p>- Exposición ao resto das aulas do 5º nivel.</p> <p>- A semana do 16 de marzo e coincidindo co Día do Consumidor (15 de marzo, domingo) exporase tamén aos niveis de 3º, 4º e 6º que están a traballar a temática da muller dentro doutros proxectos de centro.</p>	Marzo
Fase 5	<p>- Participación na posta en común das conclusións do resto das aulas do nivel.</p> <p>- Taller impartido por un experto na materia. ¹</p>	Abril Maio

¹ O taller proporase a Xan Eguía, Diplomado en Maxisterio e Licenciado en Filosofía. Máster en Filosofía teórica e práctica pola UNED, conta con diferentes traballos e publicacións que fan referencia aos temas que nos ocupan: análise de medios audiovisuais contemporáneos e xénero. Ten desenvolto no noso centro talleres de micro-machismos a alumnado e familias.

5ºA e 5ºE: CINE, SERIES E DEBUXOS ANIMADOS

	Actividades	Temporalización
Fase 1	<p>- O profesorado introduce a actividade aclarando de xeito básico conceptos coma igualdade de xénero, estereotipos, mandato de xénero e micromachismos.</p> <p>- Selección por parte dos mestres dunha recompilación de escenas de películas e debuxos animados que mostren a evolución dos estereotipos de xénero ao longo das derradeiras décadas. A modo de exemplo:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Blancanieves y los 7 enanitos (1937) ▪ Cenicienta (1950) ▪ La Bella Durmiente (1959) ▪ La Sirenita (1989) ▪ La Bella y la Bestia (1991) ▪ Aladdin (1992) <p>- En gran grupo, concreción e redacción dunhas características comúns que se poidan usar para clasificar unha película ou serie como sexista.</p>	<p>Novembro</p> <p>Decembro</p>

Fase 2	<p>- Elaboración dun “decálogo de ideas” que deben de cumprir as películas e as series para erradicar os estereotipos de xénero.</p> <p>- Visualización dalgunhas das seguintes series para ver de xeito práctico como se respecta o decálogo anterior:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Vaina (2016) ▪ Brave (2012) ▪ Enredados (2010) ▪ Alicia en el País de las Maravillas (2010) ▪ Matilda (1996) <p>- En pequeno grupo elixiranse dúas películas (una da fase 1 e outra da fase 2) para compara utilizando o seguinte cuestionario:</p> <table border="1" data-bbox="300 853 1177 1368"> <tr> <td data-bbox="300 853 740 902">Nome da muller</td> <td data-bbox="740 853 1177 902"></td> </tr> <tr> <td data-bbox="300 902 740 952">Idade</td> <td data-bbox="740 902 1177 952"></td> </tr> <tr> <td data-bbox="300 952 740 1055">Ten un papel protagonista ou secundario?</td> <td data-bbox="740 952 1177 1055"></td> </tr> <tr> <td data-bbox="300 1055 740 1104">Breve descrición do seu papel.</td> <td data-bbox="740 1055 1177 1104"></td> </tr> <tr> <td data-bbox="300 1104 740 1153">Profesión.</td> <td data-bbox="740 1104 1177 1153"></td> </tr> <tr> <td data-bbox="300 1153 740 1256">Características físicas e de personalidade.</td> <td data-bbox="740 1153 1177 1256"></td> </tr> <tr> <td data-bbox="300 1256 740 1368">Ten un rol tradicionalmente relacionado coas mulleres?.</td> <td data-bbox="740 1256 1177 1368"></td> </tr> </table>	Nome da muller		Idade		Ten un papel protagonista ou secundario?		Breve descrición do seu papel.		Profesión.		Características físicas e de personalidade.		Ten un rol tradicionalmente relacionado coas mulleres?.		Xaneiro Febreiro
Nome da muller																
Idade																
Ten un papel protagonista ou secundario?																
Breve descrición do seu papel.																
Profesión.																
Características físicas e de personalidade.																
Ten un rol tradicionalmente relacionado coas mulleres?.																
Fase 3	<p>- Produto final: Creación dunha curtametraxe utilizando apps coma eMovie, Lumafusion e Green Screen.</p>	Marzo Abril														
Fase 4	<p>- Exposición ao resto das aulas do 5º nivel.</p> <p>- Participación na posta en común das conclusións do resto das aulas do nivel.</p> <p>- Taller impartido por un experto na materia. (Xan Eguía)</p>	Maio														

5ºD e 5ºF: CONTOS INFANTÍS

Actividades		Temporalización
Fase 1	<ul style="list-style-type: none"> - O profesorado introduce a actividade aclarando de xeito básico conceptos coma igualdade de xénero, estereotipos, mandato de xénero e micromachismos. - Aplicación dun cuestionario para coñecer o sentir do alumnado acerca do que son ou non son estereotipos sexistas. - A partir das obras de Sherlock Holmes (1892) e Mary Poppins (1934) as mestras extraerán fragmentos significativos onde mellor se vexan reflectidos os estereotipos de xénero. 	Novembro
Fase 2	<ul style="list-style-type: none"> - División da aula en grupos de 4 alumnos e alumnas (procurando a paridade) para facer unha análise exhaustiva dos contos tradicionais, un por cada grupo. A modo de exemplo deberán seguir o seguinte guión: <ul style="list-style-type: none"> ▪ A muller ten un papel principal ou secundario? E o do home? ▪ Cómo son fisicamente? ▪ Descrición da imaxe da portada. ▪ Lugar que ocupa a muller nas ilustracións do interior. ▪ Relación sentimental entre o home e a muller. - Exposición na aula de cada un dos grupos das conclusións obtidas trala análise da obra literaria. 	Decembro Xaneiro

Fase 3	<p>- Dar a coñecer a colección “Érase dos veces” e que cada grupo analice a nova versión do conto:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ “Érase dos veces Blancanieves” ▪ “Érase dos veces La Sirenita” ▪ “Érase dos veces Caperucita” ▪ “Érase dos veces La Bella Durmiente” ▪ “Érase dos veces La Ratita Presumida” ▪ “Érase dos veces Rapunzel” <p>- Cubrir o mesmo guión da fase 2 para poder facer unha análise comparativa.</p> <p>- Exposición ao resto da aula das conclusións obtidas por cada grupo.</p>	Febreiro
Fase 4	<p>- Produto final: elaboración dun conto infantil na app Book Creator respectando a igualdade de xénero.</p> <p>Como axuda poremos en práctica as técnicas propostas por Gianni Rodari (2006) tales coma:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ Binomio fantástico ▪ “Que pasaría si...” ▪ Contos ao revés ▪ Continuar contos, que pasa despois do “foron felices e...” 	Marzo
Fase 5	<p>- Exposición ao resto das aulas do 5º nivel. Dotación as mesmas dun “Baúl pola igualdade” con títulos de contos feministas tales coma:</p> <ul style="list-style-type: none"> ▪ “Las chicas son de Ciencias” ▪ “Las chicas son guerreras” ▪ “Cuentos en versos para niños perversos” ▪ “Valerosas 1 y 2 : Mujeres que solo hacen lo que ellas quieren” ▪ “Cuando las niñas vuelan alto” <p>- A semana do 23 de abril e coincidindo co Día do Libro exporase tamén aos niveis de 3º, 4º e 6º que están a traballar a temática da muller dentro doutros proxectos de centro.</p>	Abril
Fase 6	<p>- Participación na posta en común das conclusións do resto das aulas do nivel.</p> <p>- Taller impartido por un experto na materia. (Xan Eguía)</p>	Abril Maio

6. VISIBILIDADE DO PROXECTO

Dende o mes de Novembro faranse publicacións mensuais no blogue do equipo de convivencia (“Aprendendo a convivir”) cos avances que se leven a cabo en cada un dos tres bloques de contidos a traballar.

A final de curso se recollerá o proxecto cos resultados na revista escolar e noutras cales de difusión do centro como son os Canles de Telegram das aulas de 5º coas familias.

Tamén se dará visibilidade ao proxecto nas reunións mensuais que a coordinadora da RedPea ten co resto de escolas de Galicia pertencentes a esta rede.

7. CONSIDERACIÓNS FINAIS

O presente proxecto verase enriquecido e enriquecerá, a súa vez, a outros proxectos que se levan no centro noutros niveis de primaria relativos ao empoderamento da muller como son o proxecto “Ela...quen ven sendo?” (en colaboración co CIM do Concello de Arteixo e dirixido ao recoñecemento e posta en valor de mulleres galegas nos ámbitos científico, literario e político) e o traballo desenvolvido sobre as mulleres e o patrimonio dentro do marco do Erasmus+ K229.

Igualdade e a equidade de xénero son principios dos noso Sistema Educativo e tamén de calquera democracia moderna, aínda así, a nosa sociedade segue a estar impregnada de ideas e feitos que afianzan o patriarcado. Con este proxecto intentamos dar visibilidade e tomar conciencia desta realidade que menospreza á muller e que non respecta os principios básicos universais.

8. BIBLIOGRAFÍA

Calvino, I. (1993). Por qué leer los clásicos. Barcelona: Tusquets.

Castilla, E. B. (2005). Violencia de género y publicidad sexista. Chasqui. Revista latinoamericana de comunicación, (091), 50-55.

Jarava, N. G., & Fernández, E. P. (2011). Igualdad de género en la publicidad no convencional de televisión. In La ética de la comunicación a comienzos del siglo XXI:(libro de actas del I Congreso Internacional de Ética de la Comunicación), Facultad de Comunicación 29, 30 y 31 de marzo de 2011 (pp. 1292-1314).

Parra, M.A. (2014) Diez personajes infantiles comprometidos con la igualdad. Recuperado de https://www.eldiario.es/andalucia/personajes-infantiles-comprometidos-igualdad_0_235876701.html



ANEXOS

ANEXO I

Rodea do 1 ao 4 en función da conformidade con ditas afirmacións, sendo 1 totalmente desacordo, 2 en desacordo, 3 de acordo e 4 completamente de acordo.

Nena Neno

Existen diferenzas de xénero nos anuncios publicitarios.	1	2	3	4
Existen diferenzas de xénero na vida real.	1	2	3	4
A muller é máis débil polo que os traballos teñen que estar diferenciados por sexos.	1	2	3	4
O papeis importantes, tanto nos medios audiovisuais como na vida cotiá (nun traballo, por exemplo) é conveniente que sexan desenvolto por homes.	1	2	3	4
A muller é máis apropiada para o coidado dos nenos/as e o desempeño das labores domésticas.	1	2	3	4
Paso máis tempo con mamá que con papá.	1	2	3	4
Cando penso nun anuncio dun coche venme á mente un home como destinatario.	1	2	3	4
Cando penso nun anuncio dun produto de limpeza venme á mente a imaxe dunha muller como destinataria.	1	2	3	4
Adoito xogar cos coches ou balóns.	1	2	3	4
Adoito xogar con bonecos.	1	2	3	4
Xogo/xoguei "ás casiñas".	1	2	3	4
Relaciónome en maior medida con nenos.	1	2	3	4
Relaciónome en maior medida con nenas.	1	2	3	4
O normal é que sexan as nais as que muden os cueiros dos bebés.	1	2	3	4
Algunha vez me deixei influenciar por un anuncio, é dicir, quixen algo que ata o momento non quería por velo nun anuncio.	1	2	3	4
Na casa realiza as tarefas domésticas mamá.	1	2	3	4
Na casa realiza as tarefas domésticas papá.	1	2	3	4
Na casa mamá e papá realizan as tarefas domésticas por igual.	1	2	3	4